

Segundo



as primeiras conclusións a conductora dun vehículo **decidiu dar media volta e circular en sentido contrario** porque deixara atrás a saída da autoestrada que quería coller.

O accidente tivo lugar cara ás 07:30 horas desta madrugada e os dous condutores dos vehículos foron trasladados de urxencia a un centro médico.

A condutora dun vehículo resultou hoxe gravemente ferida ao chocar contra outro coche, cuxo condutor tamén tivo que ser atendido, despois de circular en sentido contrario nun tramo da autoestrada Vigo-Baiona, informaron hoxe fontes do servizo de Emerxencias.

Tras equivocarse e pasar a saída da autoestrada que debía tomar, **a condutora decidiu dar media volta e circular en sentido contrario**, segundo as primeiras conclusións da investigación.

A condutora do coche chocou "fontolateralmente" contra un vehículo que circulaba na dirección correcta.

O accidente tivo lugar cara ás 07:30 horas desta madrugada e os dous condutores dos vehículos foron trasladados de urxencia a un centro médico.

A muller tivo que ser excarcerada do vehículo por un equipo do servizo de Bombeiros de Vigo, que acudiu ao lugar do sinistro.